

## MESA SECTORIAL DO 3 DE XUÑO DE 2026

### Unidade de apoio da atención primaria.

Denunciamos ter coñecemento dela a través da prensa, onde non sabemos a dotación, nin ubicación, nin funcións... Isto afecta a condicións de traballo e recursos humanos e é competencia da mesa sectorial.

O SERGAS non é quen de dar resposta á información solicitada por descoñecer de quen depende esta unidade.

### Áreas administrativas AP - SIGAP

CIG-Saúde denunciámos o acontecido co cambio do SIGAP, sen formación previa, sen referencias e que se ven abandonados. Denunciamos falta de planificación, nin de formación previa nos centros para que poidan asumir os cambios. Isto xera malestar aos profesionais e que sinten que ninguén se preocupa por eles.

O SERGAS reconece que tiña que terse feito unha formación previa, con píldoras formativas, webinar, guía rápida....

Toman nota do acontecido e van facer cambios para mellorar os avisos cando se realicen cambios ou actualizacións nas aplicacións.

CIG-Saúde denunciámos que o cambio implica máis carga de traballo e que algo que se facía en 5 minutos agora tórdase 20 minutos.

CIG-Saúde entendemos que se houbera unha organización de AP onde as áreas administrativas tiveran un soporte organizativo que se preocuparan de como se implantan as aplicacións, ver como se forma o persoal, posiblemente non se tería dado este problema.

### Pago do día da oposición de PSX

CIG-Saúde denuncia que o compromiso era de abonar como día de especial significación o día da oposición de PSX, pero só se pagou a quenda anterior e a coincidente, e non se pagou a noite. Vano a revisar.

### Retribucións das matronas de AP

CIG-Saúde denunciámos a lentitude no paso de Zona básica 2 a 3, sendo as áreas de Santiago e Coruña as que van máis lentas nesta transformación. O SERGAS dará resposta na mesa do día 10.

